

Convocatoria de solicitudes de avaliación da actividade investigadora

2005

(SEXENIOS)

En relación coa Resolución do 16 de Novembro da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación (BOE 4-12-2004) na que se fixa o procedemento e prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora informa:

1. Que na presente convocatoria, a efectos de presentación das solicitudes, o MEyC non considera válido o Rexistro da universidade. Isto significa que as propostas deberán ser presentadas e remitidas polos procedementos admitidos pola Administración Pública (*Oficina de Correos; delegacións ministeriais...*) antes das 00 horas do día 31 de decembro.
2. Para facilitar o envío das solicitudes dentro dos prazos establecidos, os interesados poderán achegar a súa solicitude composta de: **un orixinal e seis copias** do impreso da solicitude, **un orixinal e seis copias do curriculum vitae abreviado e un orixinal e unha copia do curriculum vitae completo**, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT).
3. **No caso de presentar a solicitude utilizando os medios electrónicos que pon a súa disposición o ministerio na seguinte dirección:**

<http://www.mec.es/ciencia/jsp/plantilla.jsp?area=cneai&id=531>

deberá presentar soamente orixinal e dúas copia do impreso de solicitude e **un orixinal e unha copia** dos curriculums vitae abreviado e completo.

4. A Oficina de Investigación e Tecnoloxía tramitará directamente ó Ministerio aquelas propostas que sexan entregadas nas dependencias da OIT (Edificio CACTUS), **antes das 14h do día 23 de decembro**. Despois desa data non se recollerán solicitudes e deberán ser os propios interesados os que as envíen directamente ó seguinte enderezo: **“Registro de la CNEAI, C/ San Fernando del Jarama, número 14, 28002 MADRID”**.
5. Pode consultar a convocatoria e as preguntas mais frecuentes no seguinte enderezo:

<http://www.mec.es/ciencia/jsp/plantilla.jsp?area=cneai&id=531>

6. Para realizar consultas sobre a convocatoria pode dirixirse por telefono ao CENAI **91 745 92 00, 02 e 04** ou á OIT extensión 16215 e para realizar consultas relacionadas coa aplicación informática ou coa comunicación telemática pode facelo por correo electrónico a soporte.cneai@mec.es ou no teléfono **91 550 59 57**

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso, os requirimentos establecidos soamente pretenden asegurar o cumprimento das esixencias establecidas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

O Vicerreitor de Investigación e Innovación
Eduardo García-Rodeja Gayoso